

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE SETEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei pola que se aproba una retribución de carácter extraordinario en concepto de recuperación da paga extraordinaria de decembro de 2012 aos empregados do sector público autonómico de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a presentación da Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego e se ordena a súa publicación e permanente actualización.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, para a revisión e a actualización da base de datos da construción no período 2015-2017, por importe de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación por lotes da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada, por procedemento aberto e tramitación ordinaria documentalmente simplificada (expediente PA 67/2015). Importe do orzamento: un millón corenta e oito mil setecentos oitenta e cinco euros con noventa e dous céntimos (1.048.785,92 €). Valor estimado: Dezanove millóns douscentos cincuenta e catro mil cento cincuenta e tres euros con sesenta céntimos (19.254.153,60 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución pola que se adxudican as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia no ano 2015.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da actividade do Centro de Transfusión de Galicia e da Oficina de Coordinación de Transplantes.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre os convenios coas asociacións candidatas seleccionadas para o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020.

A XUNTA APROBA DEVOLVER ESTE ANO OUTRO 25% DA PAGA EXTRA DE 2012 AOS EMPREGADOS PÚBLICOS E ABOARÁ O 50% RESTANTE EN 2016

- *O Consello da Xunta aprobou a lei que permitirá efectuar esta devolución*
- *Faino só seis días despois de ter a habilitación legal da Administración do Estado*
- *O Goberno galego pode afrontar esta devolución porque cumpre os dous requisitos que esixe o Estado: ter dispoñibilidade orzamentaria e cumprir o déficit público*
- *Suporá a devolución media de arredor de 400 euros por empregado público e terá un custo de máis de 50 millóns de euros*
- *Percibirana todos os empregados públicos da Xunta, das universidades e o persoal do ensino concertado*
- *O compromiso da Xunta é devolver en 2016 o 50% restante, o que permitirá completar a devolución da paga extra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a lei que permitirá adiantar a este ano a devolución doutro 25% da paga extra de 2012 aos empregados públicos da Administración autonómica, que se une ao 25% xa devolto neste exercicio. Ademais, o Goberno galego prevé adiantar tamén a 2016 o pagamento do 50% restante en 2016, o que permitirá completar no vindeiro ano a devolución da totalidade desta paga.

O Goberno galego deu hoxe luz verde á lei para proceder á devolución doutro 25% da paga extra, cumprindo o seu compromiso de iniciar este procedemento no mes de setembro. De feito, o Consello da Xunta dá luz verde á normativa para iniciar a súa tramitación no Parlamento só seis días despois de ter a habilitación legal para facelo, xa que o Goberno aprobou o pasado venres o correspondente real decreto lei.

A paga extraordinaria de 2012 é unha retribución básica, competencia exclusiva do Estado, e polo tanto as comunidades autónomas non podían proceder á súa devolución se non existía unha habilitación legal do Estado.

Ademais, o Estado só permitirá realizar a devolución ás comunidades autónomas que cumpran dous requisitos: ter dispoñibilidade orzamentaria e cumprir o obxectivo do déficit para 2015. A solvencia de Galicia ten como consecuencia que a Xunta estea en condicións de adiantar a devolución doutro 25% da paga extra a este 2015 porque ten dispoñibilidade orzamentaria e porque vai cumprir neste exercicio o obxectivo de déficit.

Unha media de 400 euros

A devolución media será de arredor de 400 euros e a medida terá un custo de máis de 50 millóns de euros. Máis de 100.000 empregados públicos galegos percibirán esta devolución, incluído o persoal non activo ou que pasou a outras administracións. Tamén está incluído o persoal das universidades públicas e do ensino concertado.

A paga extra de decembro 2012 foi suprimida pola Administración do Estado no marco das medidas aprobadas polo Goberno para facer fronte á crise económica. Esta supresión realizouse a través dun real decreto lei de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas. Con todo, a supresión acompañouse dun compromiso de devolución no momento en que as circunstancias económicas o permitisen.

Como consecuencia deste compromiso, o Goberno procedeu á devolución do 25% da paga neste 2015 e a Xunta tamén fixo efectiva esta devolución este ano, a través dos orzamentos da Xunta para 2015 e a Lei de emprego público de Galicia.

Precisamente, a Xunta xa incluíu nesta lei a creación dun fondo retributivo para a recuperación das retribucións dos empregados públicos. Este fondo irase dotando orzamentariamente cada ano e permitirá a devolución do 100% da paga extra de 2012.

A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

- ***Na reunión do Consello abordouse, tamén, un informe da Consellería de Sanidade referido á actividade de doazón de sangue, órganos e tecidos na nosa comunidade no pasado ano***

O Executivo galego aprobou, na súa reunión semanal, o Decreto polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

A creación desta axencia ten por obxectivos: garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios de Galicia; coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos; e asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.

Esta axencia asumirá os medios persoais e materiais que na actualidade corresponden ao Centro de Transfusión de Galicia e á Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia.

Respecto da Unidade de Criobioloxía-Establecemento de Tecidos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, é un banco de tecidos ocular, de válvulas cardíacas e arterias, osteotendinoso, membrana amniótica e de seme para pacientes que precisan preservar a fertilidade, e exerce de banco de referencia para varios destes tecidos para os hospitais tanto da rede pública como privada. Ao tratarse dunha unidade de natureza hospitalaria, e tendo en conta as evidentes relacións e sinerxías xeradas co Centro de Transfusión e con outros centros en materia de transplante, valorouse como máis conveniente e axeitado manter a natureza da unidade como servizo hospitalario.

Cómpre sinalar que a creación da Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos non comporta impacto económico, e os créditos orzamentarios actuais son adecuados e suficientes para facer fronte aos custos económicos da Axencia, xa que o que supón é unha reorganización de unidades actualmente xa existentes.

Actividade

Na reunión do Consello abordouse tamén un informe da Consellería de Sanidade referido á actividade de doazón de sangue, órganos e tecidos na nosa comunidade no pasado ano. Neste documento, analízase o labor do Centro de Transfusión e da Oficina de Coordinación de Transplantes do Sergas, facendo referencia, por unha banda, á

actividade de doazón de sangue, órganos e tecidos e, por outra, á de subministración de compoñentes aos distintos centros.

Respecto da doazón de sangue, a taxa en Galicia é de 40,48 doazóns por 1.000 habitantes; mantéñense os altos índices do ano 2013 (41,26). Así, Galicia prosigue cos seus indicadores bastante por riba da media do Estado (36,18), a pesar do envellecemento poboacional e da dispersión xeográfica da nosa Comunidade. Cómpre sinalar que a OMS recomenda manter uns índices de doazón de entre 40 e 60 doazóns por cada 1.000 habitantes ano.

O número de doazóns totais de sangue en 2014 foi de 111.255, o que representa unha diminución dun 2,52% con respecto a 2013 (114.126). Debemos salientar que as cifras de 2013 estiveron moi condicionadas pola marea de solidariedade que se xerou como consecuencia do accidente de tren de Angrois.

O 84,3% das doazóns de 2014 efectuáronse nas unidades móbiles que o Centro de Transfusión pon á disposición da cidadanía nos distintos concellos, mentres que o 15,7% restante se efectuou nos puntos fixos localizados nas sete grandes cidades galegas, fundamentalmente no contorno hospitalario.

En 2014 as necesidades de compoñentes sanguíneos cifráronse en 104.858 unidades, e o 91,9% delas foi subministrado aos centros hospitalarios do sistema público de saúde de Galicia. Cómpre sinalar que os grupos sanguíneos con maior demanda foron o A+ (40,45%) e o O+ (31,34%).

Debemos subliñar que o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, cun 22%; o de Santiago, cun 17%; e o de Vigo, cun 14%, foron os centros hospitalarios que tiveron maiores requirimentos.

Con respecto ao 2013, produciuse unha diminución na porcentaxe de subministracións urxentes aos distintos centros, que pasou dun 11,8% en 2013 a un 10,6% en 2014.

No que atinxe á actividade da Oficina de Coordinación de Transplantes do Sergas, é necesario remarcar que o número de doadores de órganos cadáver en 2014 foi de 91, fronte aos 97 de 2013. En termos relativos, a taxa situouse en 2014 en 33,1 doadores por millón de poboación, cifra moi superior á media da Unión Europea, que se sitúa en 19 por millón de poboación.

O perfil do doador é o dun varón de máis de 64 anos que morreu por accidente cerebrovascular e a metade presentan antecedentes de hipertensión arterial. Cómpre subliñar que desde o ano 2009 se observa un incremento do número de doadores vivos, que pasa de 16 en 2009 a 33 en 2014.

Polo que respecta á actividade transplantadora, nos hospitais do Sergas realizáronse no pasado ano 275 transplantes, 212 no C.H. Universitario da Coruña e 63 no de Santiago. Aínda que no 2014 houbo 6 doadores de órganos cadáver menos, grazas ao aumento de doadores vivos mantívose practicamente o número de transplantes de órganos.

O 23,4% do total de transplante de ril procede de doador vivo (en 2013 foi do 21,2). Ademais, este ano produciuse a incorporación do C.H. Universitario de Santiago ao transplante de ril de doador vivo, con 3 casos.

Debemos sinalar, tamén, que o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña é o quinto hospital de España con maior volume de transplante e o cuarto con maior volume de doador vivo de ril.

Desde que se realizou o primeiro transplante en Galicia, no ano 1981, e ata o 31 de decembro de 2014, fixéronse en Galicia un total de 6.611 transplantes de órganos con máis de 2.200 doadores: 3.543 de ril, 1.794 de fígado, 701 de corazón, 474 de pulmón e 99 de páncreas.

Outro dato destacado do informe e que durante o ano 2014 se solicitaron na Oficina de Coordinación de Transplantes do Sergas 4.508 novas tarxetas de doador, o que fai xa un total de 97.329 tarxetas de doador entregadas.

Debemos destacar, así mesmo, que en 2014 aumentou o número de unidades de sangue de cordón umbilical dispoñible para dar resposta ás necesidades de transplante que poidan xurdir (de 117 en 2013 a 123 en 2014). Ademais no pasado ano aumentou considerablemente o número de doadores de medula ósea na comunidade (de 639 en 2013 a 965 en 2014).

En resumo, o labor que o Centro de Transfusión e a Oficina de Coordinación de Transplantes realizan na captación de doadores dun xeito accesible e sinxelo, no procesado de hemoderivados, na subministración de compoñentes sanguíneos aos distintos centros hospitalarios galegos, e na captación de órganos e tecidos, garante a subministración efectiva de sangue e hemoderivados, órganos e tecidos alí onde sexan necesarios, e que se faga con todas as garantías de seguridade e de rapidez esixibles. Deste labor benefíciense ano a ano un grande número de pacientes, ben sexa por teren sido sometidos a intervencións cirúrxicas complexas, politraumatizados, transplantados etc., ou como soporte a tratamentos médicos que exixen de soporte hemoterápico complementario.

A XUNTA INCENTIVA O FOMENTO DA IGUALDADE E DA INCLUSIÓN SOCIAL NOS CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

- ***Establece a obriga para os contratistas de proporcionar aos seus traballadores e traballadoras un traballo de calidade e estable, ademais de protexelos fronte aos accidentes e riscos laborais***
- ***Promove condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero nos contratos do sector público autonómico***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico da nosa comunidade, pola cal se deberán ter en conta criterios sociais nos contratos públicos, coma a igualdade de xénero, a inclusión social e os dereitos das persoas con discapacidade, entre outros.

A Guía céntrase nos aspectos esenciais que se deberán ter en conta para deseñar contratos do sector público autonómico e facilita aos adxudicadores levar a cabo unha contratación pública socialmente responsable, mediante unha contratación desde a perspectiva de políticas sociais a través do deseño de contratos que incorporan aspectos sociais na contratación pública.

Así, a compra socialmente responsable debe ter entre as súas máxima atender a aspectos sociais como son incidir nas políticas laborais, como as oportunidades de emprego, o traballo digno e o cumprimento dos dereitos laborais e sociais; na inclusión social; no dereito das persoas con discapacidade; na accesibilidade universal; e no crecemento sustentable.

As prescricións técnicas dos contratos deberán formularse en termos de accesibilidade universal e de deseño para todos os usuarios, de maneira que resulte accesible ao maior número de persoas sen necesidade de adaptación. Por exemplo, as prescricións técnicas dunha subministración de sinais e indicadores dun edificio administrativo determinarán as condicións de colocación e fabricación dos carteis de xeito que sexan accesibles ao maior número de persoas posible, posibilitando a súa lectura a calquera distancia, ben mediante aproximación ben mediante o tacto, evitando bordes cortantes, contrastes cromáticos o brillos que dificulten a súa visibilidade, e utilizando braille, pictogramas ou outros elementos que faciliten a comprensión dos indicadores.

Ademais, destaca a obrigatoriedade de incluír nas obrigacións do contratista a obriga de cumprir a normativa laboral e social que garanta que os traballadores que vaian executar o contrato o executarán en condicións de traballo digno e de calidade, por exemplo especificar nos pregos prescricións específicas dirixidas a garantir a saúde e a seguridade dos traballadores con medidas específicas para evitar accidentes, como

sinalización ou almacenamento de produtos e residuos perigosos. Por outro lado, co obxecto de protexer o persoal afectado pola subrogación, a guía propón incluír nos pregos criterios de determinación de oferta anormal ou desproporcionada que supoñan considerar que as ofertas con anormais ou desproporcionadas cando o prezo ofertado sexa inferior ao importe correspondente aos custos salariais mínimos que correspondan ao persoal suxeito a subrogación.

No eido da igualdade, os contratos deberán incluír a perspectiva de xénero nas especificacións técnicas e cumprir as leis vixentes, por exemplo as prescricións técnicas dun contrato que teña por obxecto a elaboración dunha campaña de publicidade debe esixir que a súa linguaxe e contido non sexan sexistas.

A inclusión e o fomento destes aspectos sociais nas contratacións públicas estarán sempre suxeitos ao cumprimento dos principios fundamentais da UE e das directivas de contratacións constituídos polas liberdades fundamentais do mercado interior e pola Directiva 2014/24 pola que se consagran os principios de igualdade, transparencia e non discriminación na contratación.

Lei de garantía da calidade dos servizos públicos

Este mesmo ano, foi aprobada a lei que garante aos cidadáns a calidade dos servizos públicos da Administración autonómica, que foi a primeira norma en Galicia que abordou dun xeito integral a obriga da Administración de controlar a calidade dos seus servizos e que pretende ser o inicio dun modelo de xestión máis rigoroso, eficiente e achegado ao cidadán.

Esta lei establece mecanismos internos de control continuo da calidade por parte da propia Administración nos servizos que presta. Ademais, reconece aos cidadáns dereitos nas súas relación co sector público autonómico, incluíndo o dereito a recibir prestación en condicións de continuidade, regularidade e calidade estipuladas, e con todas as obrigas que, así mesmo, lle corresponden, incluíndo tamén a de realizar un uso non abusivo deles.

Os contratistas quedan obrigados a proporcionar aos seus traballadores e traballadoras un traballo de calidade e estable, protexéndoos fronte aos accidentes e riscos laborais e promovendo condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero. Considerarase especificamente como incumprimento grave, que xustificará a resolución do contrato, a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, ben directamente ben mediante coaccións

A lei, ademais, avanzou na esixencia aos contratistas do cumprimento das súas obrigas laborais e sociais, motivo polo que a guía propón estender o dito réxime de esixencia a todos os contratos do sector público autonómico, prestando especial atención no cumprimento da normativa laboral e social polos contratistas nas cláusulas dos contratos autonómicos.

A XUNTA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA COLABORARÁN NA REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA BASE DE DATOS DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA

- *Trátase dunha eficaz ferramenta de traballo para o sector da construción e constitúe a base de datos oficial para os traballos do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

A Xunta de Galicia colaborará co Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) na revisión, actualización e ampliación da Base de datos da construción de Galicia, segundo establece o convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

Desde 1993 Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Instituto Tecnolóxico de Galicia colaboran na elaboración e actualización da Base de datos da construción, da cal son titulares ambos os organismos. Ata agora asináronse oito convenios e a vixencia do último rematou en decembro de 2010, polo que é necesario proceder á revisión da base de datos.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo é o promotor da Base de datos da construción de Galicia, elaborada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia en colaboración coa Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña. Trátase dunha ferramenta de traballo destinada aos axentes vinculados ao sector da construción para a elaboración de orzamentos de obra ou como elemento de consulta.

Contén os prezos básicos de maquinaria, man de obra, produtos e materiais empregados na construción e unha parte importante das unidades de obra empregadas en Edificación, Urbanización (Obra Civil, Restauración, Mantemento e Seguridade) e Saúde Laboral. Tamén inclúe pregos de condicións, gráficos e textos que poden ser empregados ao desenvolver un proxecto.

A Base de datos da construción de Galicia distribúese en soporte CD e está tamén dispoñible no portal web www.presupuesta.com. Nesta versión en liña pódese consultar, ademais, a base de prezos doutras comunidades, así coma diversos catálogos de fabricantes de construción; descargar en formato FIEBDC as bases de prezos e os catálogos para traballar co programa de orzamentos; elaborar orzamentos e exportar a formato FIEBDC; gardar os presupostos para consultas posteriores ou comparar os diferentes presupostos realizados con base nun mesmo concurso.

Segundo o convenio aprobado hoxe, revisáronse e actualizáronse os prezos contidos na base de datos de acordo coa normativa técnica que entrou en vigor a partir de 2010 e da que se puidera aprobar no período de vixencia do convenio. Tamén se

actualizarán anualmente os prezos da man de obra e, gradualmente ao longo do período de vixencia do convenio, os prezos de produtos, priorizando os que teñen máis peso no conxunto dun orzamento de construción.

O custo anual dos traballos é de 75.900 euros, dos cales o IGVS achegará a contía de 45.000 euros.

A XUNTA CREA 32 NOVAS PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E ENFERMIDADE MENTAL ASOCIADA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta contratación, na cal investirá case 900.000 euros ata 2016*
- *O obxectivo é prestar unha atención especializada a este colectivo, proporcionándolles os coidados e recursos axeitados á súa situación*
- *O Goberno galego creou ao redor de 850 novas prazas destinadas a persoas con discapacidade nos últimos seis anos*

A Consellería de Traballo e Benestar creará 32 novas prazas de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta na súa reunión semanal.

O Goberno galego investirá preto de 900.000 euros no mantemento destas prazas desde novembro deste ano ata finais de 2016, cando se poderá prorrogar de novo este contrato de xestión.

O obxectivo desta iniciativa é prestar unha atención especializada a este colectivo concreto, que require duns coidados e recursos distintos daquelas persoas que só padecen unha discapacidade intelectual.

Polo tanto, esta medida contribúe a seguir avanzando na implantación dun modelo de atención social especializada e acorde coas necesidades de cada un dos usuarios do sistema de dependencia.

Esta ampliación de prazas inscríbese, ademais, no esforzo do Goberno galego por seguir incrementando a oferta e calidade dos servizos e recursos dirixidos ao colectivo de persoas con discapacidade en xeral. Para conseguilo, o orzamento destinado á discapacidade acada este exercicio os 100 millóns de euros, tras un crecemento de preto do 9 por cento nos últimos dous anos.

En concreto, no que se refire ás prazas de atención, actualmente hai en Galicia unhas 5.000 prazas de atención á discapacidade, distribuídas en centros de día, ocupacionais e residencias. Así, nos últimos seis anos creáronse ao redor de 850 prazas, o que supuxo incrementar a oferta total nun 20 por cento.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS Á ACTIVIDADE INNOVADORA E AOS RECURSOS HUMANOS DOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS

- ***A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, resolve unha nova convocatoria de contratos programa a que concorreron os seis centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia: Aimen, Anfaco-Cecopesca, ITG, Gradient, EnergyLab e CTAG***
- ***O financiamento reforza o funcionamento dos centros á marxe de proxectos concretos, con especial atención á captación e retención de talento investigador, contribuíndo a que estes centros sumen 760 empregos hoxe en día***
- ***Os beneficiarios teñen acreditado o cumprimento de esixentes indicadores de actividade centrados na súa capacidade para transferir resultados á empresa***
- ***A Consellería mantén así a súa aposta polos centros tecnolóxicos consolidados que percibiron 6 millóns entre as tres convocatorias dos contratos-programa***

A Xunta de Galicia, na súa aposta por impulsar a transferencia de resultados da investigación á empresa, mellorando deste xeito a competitividade do tecido empresarial galego, resolveu unha nova convocatoria dos contratos programa para os centros tecnolóxicos galegos consolidados, destinando preto de 2 millóns de euros ao seu financiamento estable, é dicir, non dependente de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos.

Os beneficiarios que se presentaron á convocatoria competitiva son os seis centros tecnolóxicos galegos que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Economía e Competitividade. O Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) conseguiu preto de 440.000 euros; a Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste (Aimen) logrou case 435.000 euros; a Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient) fíxose con máis de 420.000 euros; Anfaco-Cecopesca recibirá máis de 320.000 euros; o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), máis de 207.000 euros; e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia y Sostenibilidad Energética (EnergyLab), 50.000 euros.

As axudas ligadas a estes contratos programa non só posibilitan o financiamento de equipamentos, investimentos ou subcontratacións, senón que resultan unha vía fundamental para a retención de capital humano mediante actuacións que facilitan a contratación, consolidación e formación de persoal investigador. Neste sentido, a resolución deste ano dará continuidade ás cifras acadadas nas dúas primeiras convocatorias, que contribuíron á xeración ou mantemento de 120 postos de traballo. Deste xeito, os seis centros tecnolóxicos consolidados suman hoxe en día 760 empregos, manteñen un elevado nivel competitivo nos seus recursos humanos e materiais, e cumpren a súa función no Sistema galego de innovación.

Así mesmo, a través desta iniciativa, o Goberno galego leva achegados xa, entre 2013 e 2015, 6 millóns de euros aos centros consolidados, o que contribúe ao seu funcionamento estable. Este esforzo súmase ao doutros programas para empresas que esixen a contratación de centros, como é o caso do Conecta pemes e as unidades mixtas de investigación, nas cales están a cooperar centros e grandes empresas para impulsar en Galicia liñas de I + D punteiras.

Deste xeito, a Xunta aposta por que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes capacitados para atraer talento investigador, un compromiso que persegue o seu óptimo funcionamento, consolidando o seu gran potencial para xerar coñecemento transformable en innovación mediante a súa valorización no mercado.

Neste marco, cómpre salientar que os contratos programa se encadran no desenvolvemento da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), cuxas liñas de actuación se orientan á captación de financiamento, ao apoio ao talento galego e á transferencia de resultados da investigación ao mercado.

Os requisitos para o acceso a este financiamento están baseados en esixentes indicadores de actividade, centrados prioritariamente na capacidade para transferir resultados á empresa e, polo tanto, contribuír de maneira decisiva na competitividade e o crecemento da economía galega. Neste sentido, os compromisos que os centros deben cumprir están condensados nun número moi limitado de criterios, pero moi intensivos.

Os contratos programa serán obxecto de anticipos por valor do 50% do total das axudas. Isto ten por obxecto optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I + D + I, permitíndolles aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas con antelación, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.

OS PROXECTOS DE CARÁCTER INVESTIGADOR ACAPARAN A MAIOR PARTE DOS CONVENIOS DA XUNTA COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO

- *O Goberno galego destinou a estes acordos preto de 1,6 millóns de euros, case un 19,5 por cento máis con respecto ao mesmo período do ano anterior*
- *Estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) realízanse a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de Financiamento*

Os proxectos de financiamento de investigacións considerados urxentes ou de especial interese acapararon a meirande parte dos convenios que a Xunta de Galicia asinou coas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) no primeiro semestre deste ano.

Segundo se recolle no informe que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevou hoxe ao Consello da Xunta, o Goberno galego asinou entre xaneiro e xuño de 2015 un total de 49 convenios coas universidades por un importe total de 1.570.932 euros, o que representa un incremento da contía do 19,46 con respecto ao mesmo período do ano anterior. O importe medio de cada un dos convenios tamén experimentou unha suba porcentual do 46,27% ao pasar dos 21.918 euros no primeiro semestre de 2014 aos 32.060 euros neste primeiro semestre de 2015.

Do conxunto dos 49 convenios asinados, o 37,8% están relacionados co financiamento de investigacións consideradas urxentes ou de especial interese para a Consellería correspondente (que absorbeu case o 47% do total de recursos). Séguenlle as iniciativas de apoio á inserción laboral dos titulados universitarios dirixidas ao alumnado universitario galego (o 26,1% do total); os proxectos de apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (o 19% do total); o apoio ao mantemento de infraestruturas (o 8,7%); os másters oficiais (6,5%); e un 2,2% para proxectos de apoio á implantación do sistema docente.

Por número de convenios asinados destacan a Consellería de Traballo e Benestar (10), Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (9), Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (8), Presidencia da Xunta (6), a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Sanidade (con 5 cada unha delas), Mar e Medio Rural (3), Facenda (2) e Economía e Industria (1).

En canto á repartición por universidades, a de Santiago de Compostela obtén o 58,43% das achegas neste período, a da Coruña o 11,21% e a Universidade de Vigo recibe el 12,13%. Ademais, o Consorcio para o Desenvolvemento de aplicacións para a Xestión Universitaria acada o 13,69%, e Bugalicia o 4,55%.

O informe do que se deu conta ao Consello da Xunta foi emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica. Non obstante, cómpre salientar que estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) se realizan a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento.

A XUNTA ACHEGA 169.000 EUROS AOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA PARA QUE FAGAN AS SÚAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar dotará cada unha das 7 asociacións dos fondos necesarios***

A Xunta financiará con 169.000 euros as asociacións candidatas a grupo de acción local do sector pesqueiro para que poidan elaborar as súas respectivas estratexias de desenvolvemento local participativo. O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe sobre a colaboración para dotar a estas entidades dos fondos necesarios para realizar este labor.

En total, son 7 as asociacións candidatas. Trátase do grupo de acción local do sector pesqueiro Golfo Ártabro Norte e dos grupos de acción costeira A Mariña Ortegal, Costa da Morte, Ría de Muros- Noia, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo- A Guarda.

Para a percepción da axuda, cada asociación deberá elaborar unha estratexia de desenvolvemento local participativo da súa zona de actuación conforme a metodoloxía e estrutura, ademais de entregar á Consellería do Medio Rural e do Mar a súa estratexia nun prazo fixado. A cambio, a Consellería comprométese a achegar a "axuda preparatoria" a cada asociación para a elaboración da súa estratexia.

Esta axuda terá unha repercusión positiva no fomento do desenvolvemento local participativo nas áreas costeiras, o que redundará en beneficios para o tecido socioeconómico destas áreas. Hai que lembrar, neste sentido, o importante papel que veñen desempeñando os Grupos de Acción Costeira neste eido, como xestores de multitude de proxectos que inciden na mellora económica do noso litoral.